

# O Gaiteiro de Lugo

Calendario Gallego

Pro Ano Triunfal de 1938

Relixioso, profético, astronómico, recreativo,  
patriótico, popular e barato

Ano 81 da fundación.

Propiedad rexistrada

Propietario, XERARDO CASTRO

Véndese a DOUS CAS

Ao gaiteiro neste ano  
xa non hay quen o resista:  
leva blusa falangista  
e boina de requeté,



o seu fusil, a sua gaita,  
e pra achantar ao marxista  
o pulso rexo, outa a vista,  
peito duro e moita fé.

Venta deste Calendario en Santiago, Casas Reales 26,  
Manuel Neira Terrado.—Na Coruña, Soto, Otero e Fer-  
nández, San Andrés 24.—En Vigo, Mariano Garcia, calle  
García Barbón, 17.—En Ourense, Manuel Garcia e fillos,  
Lamas Carbaljal, 7.

Pedidos a o Editor XERARDO CASTRO, S. Pedro, 29-LUGO

## Feiras e mercados da provincia de Lugo

*Concello de Abadin.* — Primeiro e terceiro sábado Gontán.

*Alfoz.* — 13 Carballido; 25 de Abril e 25 de Xulio Lagoa; o primeiro miércoles Mor.

*Antas de Ulla.* — O 10.

*Baleira.* — Quincenalmente alternando ca de Castroverde.

*Barreiros.* — Primeiro domingo e 1.º de Marzo e mercados os viernes en Souto; terceiro domingo San Xulián

*Becerreá.* — O 13 e 19.

*Begonte.* — 1.º e 15 Pacios e si o 15 é domingo o 14.

*Carballedo.* — 17 e 29 Castro; 4 Bucifios.

*Castro de Rey.* — Cada quince días en domingo alterando ca de Meira; 8 e último sábado Riberas de Lea.

*Caurel.* — O segundo e cuarto domingo Seoane; 1.º e 19 Folgoso; primeiro domingo Ferramulín.

*Cervantes.* — Cuarto domingo Donís; 28 Quindós; 18 San Pedro; primeiro domingo Seixas

*Cervo.* — O primeiro domingo e o 16

*Corgo.* — 13 Aday; 23 Gomeán

*Cospito.* — Terceiro domingo, chamada a do Monte e o primeiro miércoles de cada mes con mercado os miércoles; primeiro xueves Muimenta.

*Chantada.* — O 5 e 21 e mercados os martes, xueves e domingos; 2 Laxe.

*Castroverde.* — Cada 15 días; 12 Miranda.

*Fonsagrada.* — 20 de Xaneiro, 25 de Marzo, 25 de Abril, Ascensión, Corpus, 24 de Xunio, 2 de Xulio, 15 de Agosto, 8, 9, 10 e 21 de Septiembre e 8 de Noviembre e mercados os sábados.

*Foz.* — Mercados os martes; 10 e 24 Espiñeira.

*Friol.* — O 4 e 21; 6 e 16 Roimil; 18 Cotá; 26 Guimarey.

*Germade.* — 4 e 19 Momán; 13 Roupar.

*Guntín.* — 5 Lousada; 11 Lousadela; 23 Grolos; 15 San Román.

*Incio.* — O 22.

*Xove.* — Rigueira e Xove, o cuarto domingo.

# O Gaiteiro de Lugo

## Calendario Gallego

pro Ano Triunfal de 1938

*según as ouservaciós feitas no Ouservatorio da  
ciudad de San Froilán, con arrego  
o meridiano de Santiago.*

### ÚNICO QUE SE PUBRICA EN GALICIA

**Cómputo eclesiástico.**— Aureo núm. 1.—Epacta XXIX.—Ciclo solar 15.—Indicción román VI.—Letra dominical b.—Letra do martiroloxio román N.

**Velacións.**—Pechadas dende o 2 de Marzal ao 17 de Abril e dende o 27 de Novembro ao 25 de Nadal.

**Ecrises visibres dende Galicia.**—Ecrise total de lúa visibre en España o 7 e 8 de Novembro. Primeiro contaíto ca sombra o sete as 20'41. Medio, as 22'26. Ultimo, o oito as 0'12.

**Outros ecises.**—14 de Maio, total de Lúa. 29, total de Sol. 21 e 22 de Novembro, parcial de Sol. Invisibres en España.


**Festas movibres.**—O Santísimo Nome de Xesús, 2 de Xaneiro.—Domingo de Septuaxésima, 13 de Febreiro.—Domingo de Sexaxésima, 20 de Febreiro.—Domingo de Quincuaxésima (*Antroido*), 27 de Febreiro.—Miércoles de Antroido, 2 de Marzal.—Dominicas I, II, III e IV de Coresma, 6, 13, 20 e 27 de Marzal.—Domingo de Pasión ou de Lázaro, 3 de Abril.—Viernes de Dolores, 8 de Abril.—Domingo de Ramos, 10 de Abril.—Domingo de Pascua de Resurrección, 19 de Abril.—Dominica in Albis (as Pascuillas), 24 de Abril.—Solemuidade de S. Xesé, 4 de Maio.—Ascensión do Señor, 26 de Maio.—Pascua de Pentecostés ou de Espirita Santo, 5 de Xunio.—A Santísima Trindade, 12 de Xunio.—Santísimo Corpus Christi, 16 de Xunio.—Sagrado Corazón de Xesús, 24 de

Papel de fumar B A M B U 1

Xunio.—Festividade de Cristo Rey, 30 de Outono.—Domingo 1 de Adviento, 27 de Novembro.

Temporas.—De primavera, 9, 11 e 12 de Marzal.—De vran, 8, 10 e 11 de Xunio. De outono, 21, 23 e 24 de Setembre. De inverno, 14, 16 e 17 de Nadal.

Rogacións.—Maiores, o 25 de Abril, San Marcos.—Menores, o 23, 24 e 25 de Maio



## XUICIO DO ANO

Ao gaitero neste ano  
xa non hay quen o resista:  
leva blusa falangista  
e boina de requeté,  
o seu fusil, a sua gaita,  
e pra achantar ao marxista  
o pulso rexo, outa a vista,  
peito duro e moita fé.

O gaitero está no frente  
por España a guerrear.  
É sempre, coma de cote,  
pendente do tempo está.  
Denantes sempre coidaba,  
vendo o tempo revirar,  
si a chuvia meraba a froita,  
si o vento levaba o gran,  
si o trono rachaba as fontes,  
si a brétema do serán  
viña magoar a colleita,  
que o sol puña a madurar...  
Hoxe todo se lle volve  
ver si o tempo ven ou vai,  
e pensa si a chuvia o colle  
na avanzada do pina!

si a i-auga lle cala os hosos  
si o frío lle xía as mans,  
si o vento lle leva a i-alma  
cara o lecer do fogar...  
O gaiteiro, que é soldado,  
vive soio pra loitar;  
él, que sabe das tempías,  
co tempo veu guerrear.  
Avanza si fai bó día,  
detense co temporal.  
Chora c2 chuvia, e ben canta  
si Dios manda o sol raiar,  
e «cara o sol» co bó tempo,  
camiño adiante se vai,  
namentras fuxen os roxos,  
i-o cañón ven a zoar,  
como brúan os balbordos,  
das ondas na veiramar,  
e voan, como paxaros,  
os avións pol-o ar.  
¡Mulleres da nosa terra,  
si vindes a follear  
estas follas do «Gaiteiro»,  
por si o tempo ven ou vai,  
pedídelle a Dios que mande  
o mellor para adiantar,  
e si se revira o tempo,  
cando brúe o temporal,  
lembrádevos dos soldados  
que loitan pol-o seu lar  
e saben que na sua terra  
hay quen esté a traballar,  
por abrigar o seu frío,  
pra quentar sua señardá!

Pol-o que escriben da terra  
a este ano, Santo e Triunfal,  
non se lle pode facer  
xuicio que o veña noxar,  
pois, de certo, santo e bó,  
foi e veu a mellorar  
o difunto novecentos  
trinta e seis, que por xamais  
dos xamases, abrenuncio,  
se nos volva a presentar.

Bó ceo, mellor colleita,  
pas na aldea e no fogar;  
non houbo preito nin crime...  
nin tempo de mormurar.

Choros pol-o fillo ausente,  
bágoas pol-o que se vai,  
inquietanza do ferido  
que se queixa no hospital,  
ledicia que trai a carta  
do fillo que está a loitar,  
contento do que retorna,  
con permiso e que trai  
feixes de novas da guerra  
e degoiro de tornar,  
e que, como volve ledó,  
é un consolo para os pais...  
Moitos traballos pra os vellos,  
guerra para a mocedá,  
e saudades pra as mulleres  
—a nai, a moza, as irmáns—  
rezos de todos, e sempre,  
porque ao irmán, ao mozo, ao fillo  
Dios o traya da súa man...  
Este é o ano trinta e sete.  
Así veu, e así se vai.

O mellor xuicio do ano  
é o que de Galicia fan  
por eses mundos de Dios,  
¡i-abofellas que é gabar!  
O gaitero moito viu  
por esas terras a andar:  
foi de un fronte para outro,  
andivo de mar a mar,  
por todol-os sitios viu  
o que hoxe Galicia val.  
Cando un dí «Son de Galicia»  
madia leva no falar!  
Oise decir que os soldados  
galegos non teñen par,  
i-évos dito moi sonado,  
porque o dixo o General.  
Oise decir que Galicia  
cas suas leiras i-o seu mar,  
pode manter os exércitos,  
i-é falado con verdá,  
porque o dín en Intendencia,  
que leva a conta cabal.  
Oise decir que Galicia  
tiña nun tempo da man  
a historia do Imperio vello  
que se vai logo anovar.  
I-esto o decía na radio  
un poeta a platicar.  
Eso é o que escoita o gaitero  
pol-as terras onde vai.  
E lembrándose que FRANCO,  
o Caudillo, e seu irmán,  
de terra i-arms, ben pode  
con todo o folgo berrar  
«Terra a Nosa», que é decir  
que Galicia vai trunfar

Papel de fumar BAMBÚ

5

por España e pol-a causa  
do Goberno Nacional,  
neste ano trinta e oito  
que se vai a començar,  
e Dios faga que nos traia  
o trunfo, a gloria i-a pas.

Non te cases de vello...

O vello Roque de Alvar,  
cunha rapaciña nova  
casouse por se amparar:  
fuxira de se casar  
hastra-verse o pe da cova.

O cabo dun mes cos celos  
o probe falaba solo,  
i-ela ó ver os seus desvelos,  
xuraba: «¿Os homes? ¡Nin velos!»

Namentras que así xurando  
estaba a mosquiña morta,  
pra lle falar agardando,  
andaba un mozo rondando  
total-as noites a porta.

Pra se gardar do parente  
(que a parenta xa o sabía),  
o galán ó chegar xente  
súpita e caladamente  
tral-a porta se metía.

Pra barullo non facer,  
precuraba non toser,  
n-as puntas dos pes andar;  
mais daba a porta en renxer  
i-a madeira en estralar/

Si oubía o petrucio memo,  
rosmando decía: «Tenro



que o can sálise da horta.  
¡Uy, uy, uy, verás o demol  
¿El é leria, ou reuxe a porta?

Ela, que sabía finxir,  
facéndolle ver visióis,  
acababa por decir:  
«¡Ból, vámoños a dormir  
en paz e gracia de Dios».

Mais denantes de prender  
no sono, a larga ou a corta,  
volvendo sentir renxer,  
rosmaba o vello: «Muller,  
el é leria ou renxe a porta?»

E por compracelo ela,  
descorrendo a tarabela,  
deixaba sin pécho a porta  
pra que o xuncras da cadela  
se fose co can a horta.

Chegoúse tanto a falar  
do conto da mosca morta,  
que vendo a Roque pasar,  
berrábanlle os do lugar:  
«¿El é leria, ou renxe a porta?»

Do libro «Cousas e contos de por aló»  
de Constantino V. Abelleira  
«Veladoira»

## XANEIRO 31 DIAS

### ADICADO AO NENO XESÚS

- 1 Sáb. † *A Circuncisión do Señor.*—ss. Fulxencio, Xustina, Martiña i Eufrosiana.—I. P.

*Lúa nova perto das sete da tarde.*

● Ventiño e días craros con xiada rexa. Hai un vento do mar que non quer deixarnos e trai borrascas en algúns lades. Neve na montana, anque pouca.

- 2 Dom. O Santísimo Nome de Xesús.—ss. Macario, Isidoro, Narciso e o Beato Pedro abade (G).

- 3 Lun. ss. Genoveva e Daniel.

- 4 Mar. ss. Aquilino, Tito e Benedicta.

- 5 Miér. ss. Anastasio e Teodoro bispos (G), Telesforo, Eduardo, Apolinar i Emiliania.

- 6 Juev. † *Epifanía. A Adoración dos Santos Reises,* Melchor, Gaspar e Baltasar e S. Meliano.—I. B.

- 7 Vier. ss. Xulián patrón do Ferrol e Fiz.

- 8 Sáb. ss. Maximino, Luciano e Gúdula.

- 9 Dom. ss. Marcelino, Xulián, Vidal e Marciana.

*Crecēte as duas e coerto da tarde.*

● Temos temporal e chuvia dura. Onde escampe colle-ráse unha raxeira de sol, con xiadas.

- 10 Lun. ss. Gonzalo de Amarante, Agatón e Xohan.

- 11 Mar. ss. Teodosio, Hixinio, Salvo e Anastasio.

- 12 Miér. ss. Arcadio, Victoriano, Benito e Modesto.

- 13 Juev. ss. Leoncio, Gumersindo e Verónica.

- 14 Vier. ss. Hilario i o beato Bernardo de Corieón.

- 15 Sáb. ss. Pablo, Mauro e Benito.

- 16 Dom. ss. Fulxencio, Marcelo, Ticiano e Honorato.

*Cheo, perto das seis da mañán.*

● Bos días de sol cen ceo craro é moito frío. Cando venza o vento mareiro revolveráse o tempo, pero será en poucos lugares.

- 17 Lun. ss. Antonio abade, Rosalina e Leonila.

- 18 Mar. A Cátedra de S. Pedro en Roma, e Santa Margarida.

- 19 Miér. ss. Sara, Marta, Canuto e Mario.

20 Juev. ss. Fabián, Sebastián e Felisa.

*Sol en Acuário as cinco da tarde*

21 Vier. ss. Inés, Froitoso e Plubio.

22 Sáb. ss. Vicente, Anastasio, Luftolde e Gaudencio

23 Dom. ss. Adefonso e Raimundo.

*Mingante as oito e cuarto da mañán.*

☉ Van chegando as chuvias mansas e adispacio. Neve nos outos, que se derrete axiña. O tempo aproveita ao campo.

24 Lun. N.<sup>a</sup> S.<sup>a</sup> da Paz e ss. Timoteo e Feliciano.

25 Mar. ss. Ansurio, Bismarasio, Gonzalo Osorio, Froalengo, Serdendo, Viliulfo, Pelayo Alfonso e Pedro bispos (G), A Conversión de S. Pablo e Sta. Elvira.

26 Miér. ss. Policarpo, Teógenes e Paula.

27 Juev. ss. Olalla, Angela, e Xohan Crisóstomo.

28 Vier. ss. Xulián, Cirilo, Tirso e Inés.

29 Sáb. ss. Francisco de Sales, Valero e Ruzafa.

30 Dom. ss. Hipólito e Fiz.

31 Lun. ss. Pedro Nolaseo, Xulio e Marcela.

*Nova a unha e media da tarde.*

☉ Sigue ben revolto o tempo, sin trazas de mellorar. Auga, vantania, humedade. Parez que este ano hai pouca neve.

NOTA.—I. P., Indulgencia Plenaria; I. B., Indulgencia Parcial;  
(G) Santos Galegos.

## Consellos

Non pido que seias santa;  
chégame que seias boa.  
Aguda que firas, non;  
e, menos, mosquiña morta.

Os probes, pan e quentura,  
os nenos, bicos e rosas;  
os vellós, brazo e consolo;  
a todos alma ridora.

Papel de fumar BAMBÚ

9

## FEBREIRO 28 DIAS

### ADICADO A CANDELARIA

- 1 Mar. ss. Ignacio, Severo, Pablo y Brixida.
- 2 Miér. A Candelaria e Sta. Felicitiana.
- 3 Juev. ss. Blas, Fiz e o Beato Nicolás.
- 4 Vier. ss. Andrés, Leonisa e Gíberto.
- 5 Sáb. ss. Francisco Blanco, mártir (G), Agueda, Calamanda e Albino.
- 6 Dom. ss. Teófilo, Saturnino e Dorotea.
- 7 Lun. ss. Romualdo, Ricardo e Xuliana.—I. B.
- 8 Mar. ss. Xohan de Mata, Ciriaco, Paulo e Dionísio

*Crecente as doce e media da noite.*

● A lúa entrou con chuvia e a chuvia non nos quer deixar, por mais que uns ventiños da terra fagan por veces crarexar o sol e derreter a neve febreiriña.

- 9 Miér. ss. Donato e Apolonia.
- 10 Juev. ss. Escolástica, Sotera e Xacinto.
- 11 Vier. ss. Saturnino, Lázaro e Desiderio.
- 12 Sáb. ss. Euxenio, Damián e Olalla.
- 13 Dom. de *Septuaxésima*.—ss. Estebo abade (G), Benigno, Marcelo, Lucina e Catalina
- 14 Lun. ss. Valentín e o beato Xohan Bautista.

*Chea as cinco e coarto da tarde.*

● O vento anda de un lado pra outro sense quere apou-sar. Veñen bos días de sol, con xiada, mais non é tempo de que nos deixe a chuvia.

- 15 Mar. ss. Severo, Casto, Lucio e Decoroso.
- 16 Miér. ss. Elías, Isaias, Xeremías, Xulián e Faustino.
- 17 Juev. ss. Xulián de Cadocia e Alexo
- 18 Vier. ss. Teotonio (G), Simeón, Claudio i-Eladio.
- 19 Sáb. ss. Gabino, Alvaro e Corrado.

*Sol en Piscis as sete e coarto da mañán*

- 20 Dom. de *Sexaxésima*.—ss. León, Eleuterio e Nemesio.—I. B.
- 21 Lun. ss. Máximo, Fiz e Ovidio
- 22 Mar. A Cátedra de S. Pedro en Antioquía e ss. Pas-casio e Tecla.

10      Papel de fumar B A M B Ú

*Mingoante as catro é media da mañán*

Ventos do Sur. Trebón no mar As chavias aprovei-  
tan ao chan e non falta u ha miguiña de sol que veña  
quentarnos.

23 Miér. ss. Ordoño bispo (G), Marta, Margarida e Flo-  
rencio.

24 Juev. ss. Matías, Modesto, Sergio e Primitiva.

25 Vier ss. Valerio monxe (G), beato Sebastián de Apa-  
ricio (G), Cesáreo, Valero e Donato.

26 Sáb. ss. Alexandro Fortunato e Victor

27 Dom. de Quincuaxésima (*Antreido*). ss. Baldomero e  
Leandro. — I. B.

28 Lun. ss. Basilio e Procopio.

oo

Eirexa, toda a que queiras;  
sin esquecer que na chouza  
hai que vixial-a cocíña  
e que remendal-a roupa.

—  
Música e canto, un pouquiño  
é condición que namora,  
e compre ser cantareira  
sin chegar a cantadora.

—  
Amores pra unha mociña  
son o choio de mais conta:  
¡alma! ¡vida! ¡corazón!  
... o demais é pouca cousa.

—  
Non é preciso ser santa:  
¡que seias galega abondal

*R. Cabanillas*

### **Refrans**

Neve febreiriña, mala e dura veciña.  
En Febreiro xa busca o can a soma do palleiro.  
Cando a Candelaria chora, inverno fora.

Papel de fumar BAMBÚ

11

## MARZAL 31 DIAS

### ADICADO A SAN XOSÉ

- 1 Mar. S. Rosendo bispo, S. Manilan abade (G) e O Sto. Anxel da Guarda.  
2 Miér. de Ceniza.—ss. Simplicio, Pablo e Lucio.—I. B.  
—*Ayuno — Péchanse as velacións.*

#### *Nova as cinco e media da mañán*

● A lúa nova trai humedase dabonde. Temos borras-  
cas e chuva, que se libra o ceo, brétema i orballo.

- 3 Juev. ss. Emeterio, Celedonio e Ticiano.—I. B.  
4 Vier. ss. Casimiro, Cayo e Lucio.—I. B.—*Ayuno e ab-  
stinencia.*  
5 Sáb. ss. Eusebio, Adrián, Teófilo e Nesa Sra. de  
Africa.—I. B.—*Ayuno.*  
6 Dom. I de Cuaresma.—ss. Victoriano, Victor e Ci-  
rilo.—I. B.  
7 Lun. ss. Tomás de Aquino e Felicitas.—I. B.  
*Festividade dos estudantes.*  
8 Mar. ss. Xohan de Dios e Fiz.—I. B.  
9 Miér. ss. Francisca e Catalina.—*Témpora.*—I. B.—  
*Ayuno.*

#### *Crecente as oito e media da mañán*

● Siguen os ventos do mar que traen borrascas. Mais  
as treboadas, que veñen con saravia na montana e mais  
as neves que albean nos outos queren mellorar o tempo.

- 10 Juev. ss. Crescencio, Alexandre e Melitón.—I. B.  
11 Vier. ss. Euloxio, Constantino e Fermín.—*Témpora.*—  
I. B.—*Ayuno e abstinencia.*  
12 Sáb. ss. Gregorio e Ntra. Señora. da Misericordia.  
—*Témpora.*—I. B.—*Ayuno.*  
13 Dom. II de Cuaresma.—ss. Leandro, Cristina i-Eu-  
frasia.—I. B.  
14 Lun. ss. Florentina e Matilde.—I. B.  
15 Mar. ss. A. Tutelar (G), Longines, Raimundo e Meli-  
tón.—I. B.  
16 Miér. ss. Xulián, Ciríaco e Agapito.—I. B.—*Ayuno.*

#### *Chea as cinco e coarto da mañán.*

● O tempo amaina moito, ceden os ventos do mar e te-

12                   Papel de fumar B A M B Ú

mes unha tempa moi doce, que como boa dura pouco.  
Compre ter conta cas noites de xiada.

- 7 Juev ss. Xosé de Arimatea e Patricio.—I. B.  
18 Vier. ss. Cirilo, Gabriel, Salvador e Braulio.—I. B.—  
*Ayuno e abstinencia.*  
19 Sáb. † San José esposo de la Sma. Virgen.—I. B.  
*Ayuno.*  
20 Dom. III de Cuaresma.—ss. Martiño de Dumio bispo  
(G), Eufemia e Ambrosio.—I. B.  
21 Lun. ss. Benito e Filemón.—I. B.

*Sol en Aries as sete menos coarto da mañá*

### PRIMAVERA

- 22 Mar. ss. Deogracias, Plubio e Basilio.—I. B.  
23 Miér. ss. Victoriano, Fidel e Toribio.—I. B.—*Ayuno.*  
24 Juev. ss. Simeón e Agapito. I. B.

*Mingbante a unha e piques da noite.*

✿ *Xa se revirou o tempo. A primavera quer entrar mollada, i-os nubrados non deixan asomar o sol.*

- 25 Vier. A Anunciación da N. Sra. i-Eucarnación do Señor, ss. Dimas e Quirino.—I. P.—*Ay. e abst.*  
26 Sáb. Bto. Diego Xosé de Cádiz (G), ss. Braulio e Teodosio.—I. B.—*Ayuno.*  
27 Dom. IV de Cuaresma.—ss. Ruperto, Lidia e Alexandro.—I. B.  
28 Lun. ss. Castor, Doroteo e Sixto.—I. P.  
29 Mar. ss. Pastor, Xonás i-Eustasio.—I. B.  
30 Miér. ss. Xehan Clímaco, Víctor e Régulo.—I. B.—  
*Ayuno*  
31 Juev. ss. Amadeo e Amós.—I. B.

*Nova perto das sete da tarde.*

✿ *Entra con chuvias e sal con ventos. Tempo revoltado e fosco en xeneral, que fai queixar a xente.*

### Refrans

Marzo, espigarzo.  
Marzo marzola, trebón e raiola.  
No Marzo, abrigo, noces e pan trigo.

Papel de fumar B A M B Ú 13

## ABRIL 30 DIAS

### ADICADO AOS DOORES DA VIRXE

- 1 Vier. ss. Venancio, Macario e Teodora.—I. B.—*Ayuno con abstinencia.*
- 2 Sáb. ss. Francisco de Paula e Abundio.—I. B.—*Ay.*
- 3 Dom. de Pasión ou de Lázaro.—ss. Engracia virxe e mártir (G), Benito, Ricardo, Benigno e Ulpiano.—I. B.
- 4 Lun. ss. Isidoro, Víctor e Zósimo.—I. B.
- 5 Mar. Bto. Xohan de Viveiro, ss. Vicente Ferrer, Emilia e Irene. I. B.
- 6 Miér. ss. Celso, Celestino e Marcelino.—I. B.—*Ayuno.*
- 7 Juev. ss. Epifanio, Ciriaco e Donato.—I. B.  
*Crecente as tres e dez da tarde.*
- 8 Temp. revirado. Días frios cando sopra o nordés, e molla los cando chegan as borrascas do mar. O sol de Abril luce pouco.
- 8 Vier. de Dolores.—ss. Perpetuo, Alberto, Máxima e Xenaro.—I. B.—*Ayuno con abstinencia.*
- 9 Sáb. ss. María Cleofé, Casilda e Próceros. I. B.—*Ayuno.*
- 10 Dom. de Ramos —ss. Urbano abade (G), Ezequiel e Daniel.—I. B.
- 11 Lun. ss. León, Antipas e Isaac.—I. B.
- 12 Mar. ss. Víctor mártir (G), Constantino e Zenón.—I. B.
- 13 Miér. ss. Hermenexildo, Xustino e Máximo.—I. B.—*Ayuno.*
- 14 Juev. Santo.—ss. Pedro González Telmo ab. dos mariñeiros (G), e Tiburcio e Valeriano.—I. P.  
*Chea as seis e vinte da tarde.*
- 15 Brétemas frías nas noites. Algús días de xiada, aunque poucos. Un solciño que aquece aos vellos e unhas choviscas mainas que n n gorentan a ningúen.
- 15 Vier. Santo.—ss. Anastasia, Basilisa, Victorina i-Elena.—I. B.—*Ayuno e abstinencia.*
- 16 Sáb. Santo ou de Gloria —ss. Toribio bispo de Astor-
- 14      Papel de fumar B A M B Ú



- ga, Froitoso de Braga bispo e fundador (G), Engracia e Cayo I. B. *Ayuno á íca o mediodia.*  
7 Dom. *de Pascua de Resurrección.* ss. Aniceto, Maria, Ana i-Elena I. P.  
18 Lun. ss. Eleuterio, Andrés e Toribio.—I. B. — *Abrense as velacións*  
19 Mar. ss. Vicente, León, Hermóxenes e Crescencio.—I. B.  
20 Miér. ss. Bto. Alfonso de Ourense (G), Inés de Monte Pulciano, Marcelino e Víctor I. B.  
*Sol en Tauro as seis e media da tarde*  
21 Juev. ss. Anselmo, Apolonio e Alexandra.—I. B.  
22 Vier. ss. Serónima virxe (G), Sotera, Angustias e Cayo.—I. B.

*Mingoante as oito e coarto da noite.*

☉ Moitas nubes baixas, e ceo cuberto que non quer deixar unha miguíña de sol. Auga dabondo i-algunhas trefeadas lixeiras.

- 23 Sáb. ss. Xerardo, Xurxo, Adalberto e Clemente —I. B.  
24 Dom. *de Pascuilla ou de Quasimodo.*—ss. Fidel, Gregorio, Leoncio e Honorio.—I. B.  
25 Lun. ss. Marcos, Aniano i-Estebó.— *Ragacións maiores.* I. B.  
26 Mar. ss. Pedro de Rates, Miguel González (G), Cleto, Marcelino e N. Sra. da Saleta  
27 Miér. ss. Anastasio, Toribio e Pedro  
28 Juev. ss. Estebó, Prudencio, Patricio e Vidal  
29 Vier. ss. Pedro de Verona, Roberto e Hugo.  
30 Sáb. ss. Amador, Sofía, Lourenzo e Catalina.

*Nova as cinco e media da mañán.*

A lúa nova trai melloría, anque non molta. Ventos mainos, castrelos no ceo e pouca seguránza no tempo.

## Refrans

A i-auga de Abril, henche o carro e o carril.  
Abril si por mal quer vir, as portas non deixa abrir.  
Solla de Abril abre a man e déixaa ir.

Papel de fumar BAMBÚ

# MAIO 31 DIAS

## MES DAS FLORES

- 1 Dom. ss. Felipe, Santiago, Sexismundo e Orencio.
- 2 Lun. ss. Anastasio e Fiz. *Festa Nacional.*
- 3 Mar. A Invención da Santa Cruz e S. Aleixandro.
- 4 Miér. Solemnidade (Patrocinio) de S. Xosé.—ss. Paulino, Ciriaco, Mónica e Antonina.
- 5 Juev. ss. Sto. Máximo, Eulogio e Agustíño
- 6 Vier. ss. Xohan Ante-Portam-Latinam patrón dos impresores, Benita e Nosa Sra. da Cabeza.

*Crecente as nove e vinte da serán.*

● Tempo revoltoso. Treboadas de primaveira, con sarai-vas e ventanía que pouco dura.

- 7 Sáb. ss. Augusto, Agustíño, Domitila e Benedicto.
- 8 Dom. Nosa Señora dos Desamparados e S. Eladio.
- 9 Lun. ss. Gregorio Nacianceno e Lucas.
- 10 Mar. ss. Antonino e o beato Xob.
- 11 Miér. ss. Domingo eremita (G), Florencio e Anastasio.
- 12 Juev. ss. Domingo da Calzada i-Epifanio.
- 13 Vier. Nosa Sra. dos Mártires e S. Pedro Regalado.
- 14 Sáb. ss. Bonifacio, Pascual, Xusta e Xustina.

*Chaa as oito e media da mañán.*

● Bó tempo de primaveira. As xiadas non contentan ao labrego, mais o sol i-o ceo craro son do gusto de todos. Si non fora pol-os ventos mareiros que queren descompoñer os días con treboas, era un tempo dos ceas.

*Ecrise total de Lúa invisibre en España*

- 15 Dom. ss. Isidro labrador, Torcuato e Simplicio.
- 16 Lun. ss. Xohan Nepomuceno, Honorato e Ubaldo.
- 17 Mar. ss. Pascual Bailón e Bruno.
- 18 Miér. ss. Félix Cantalicio e Dióscoro.
- 19 Juev. ss. Pedro Celestino, Ciriaca e Prudencia.
- 20 Vier. ss. Bernardino de Sena e Anastasio.
- 21 Sáb. ss. Victorio, María do Socorro e Secundino.

*Sol en Géminis as seis menos cuarto da tarde*

22 Dom. ss. Rita de Casia, Elena e Rufino.

16 . Papel de fumar B A M B Ú

*Mingante as doce e media do día.*

☉ O tempo revirouse moito. Nubes teimosas que non queren deixarnos e ventos frexes do S. que nos amargan a boanza.

23 Lun. ss. Desiderio, Basilio e Miguel.—*Rogacións.* I. B.

24 Mar. ss. Torcuato, Susana e Robustiana.—*Rogacións.*  
— I. B.

25 Miér. ss. Genadio bispo (G), Gregorio, Luciano e Dionisio.—*Rogacións*—I. B.

26 Juev. † *A Ascensión do Señor.*—ss. Felipe Neri e Zacarías.—I. P.

27 Vier. ss. Xohan, Restituta, Xulio i Eutropio.

28 Sáb. ss. Viliulfo bispo de Tuy (G), Xusto, Eladio, Luciano. Xermán i Emilio.

29 Dom. ss. Teodosia e Maximiano.

*Chea as duas da tarde*

☉ Brétimas borrallentas nos ríos, e nubes outas. Fai como que quer mellorar.

*Erise total de Sol invisibre en España*

30 Lun. ss. Donadeo, Máximo e Bonelo, monxes do Bierzo (G), Fernando Rey de España e Basilio.

31 Mar. ss. Crescencio, Petronila e Pascasio.

=====

## Refrans

En Maio inda bebe o boi no prado.

Que bon Maio, que mal Maio, quince días os bois ó prado, e mais val no principio que no cabo.

## Foguetes

Tres cousas che compren, Vila  
se os preitos has de gañar:  
ter razón, saber decila,  
e mais que cha queiran dar.

*J. Pérez Ballesteros.*

Papel de fumar BAMBÚ

17

## XUNIO 30 DIAS

### MES DE SAN XOHÁN

- 1 Miér. Btos. Pedro Vázquez e Antonio de San Boaventura mártires (G.), Nosa Sra. da Luz e Santos Iñigo e Fortunato.
- 2 Juev. ss. Marcelino, Pedro e Nicolás Peregrino
- 3 Vier. ss. Paula, Clotilde, Isaac e Ovidio.
- 4 Sáb. ss. Francisco Caracciolo, Saturnina e Quirico.—*Virilia de Pentecostés.*—I. B. *Ayuno e abstinencia.*
- 5 Dom. *Pascua de Pentecostes ou do Espiritu Santo.*—Santos Bonifacio, Doroteo, Apolonio e Sancho.—I. B.

*Crecente as catro e media da mañán.*

O caloríño que empeza a sentirse forma treboadas lixeiras. De remate ventos destemperados e unhas pingotas de chuvia que non fan mal a ninguén.

- 6 Lun. ss. Gonzalo de Acebeiro abade (G), Norberto, Felipe, Amancio e Paulina.—I. B.
- 7 Mar. O Trunfo de San Pablo e S. Roberto.—I. B.
- 8 Miér. ss. Medardo, Salustiano e Maximiano.—*Témpora.*—I. B.
- 9 Juev. ss. Primo, Feliciano, Ricardo e Pelaxio.—I. B.
- 10 Vier. ss. Restituto, Ciriaco e Margarida.—*Témpora.*—I. B.—*Abstinencia.*
- 11 Sáb. ss. Bernabé, Fiz, Fortunato e Delaira.—*Témpora.*—I. B.
- 12 Dom. A Santísima Trindade e ss. Xohan de Saha-gún, Nazario e Onofre.

*Chea as doce menos coarto da noite*

Bó tempo craro e sereo. Son poucos os danos das tormentas que traen unha reguiña ao chan.

- 13 Lun. ss. Antonio de Padua e Luciano.
- 14 Mar. ss. Basilio Magno, Marciano e Rufino.
- 15 Miér. ss. Modesto, Crescencia, Benilde e Libia.
- 16 Juev. † *Sanctissimum Corpus Christi.*—ss. Benón, Francisco de Regis e Quirico.
- 17 Vier. ss. Manuel, Ismael e Pablo.

18 **Papel de fumar B A M B Ú**

- 18 Sáb. ss. Marco, Marceliano e Paula.  
 19 Dom. ss. Gervasio, Protasio, Bonifacio e Ursicino. —  
*Ofrenda do Reino de Galicia ao Sismo Sacramento.*  
 20 Lun. ss. Silverio, Florentina e Macario.  
 21 Mar. ss. Luis Gonzaga, Raimundo e Demetria

*Mingoante as duas da noite.*

Tempo revolto que non presta moito as herbas, pero tampouco amola as colleitas. De remate saravias e lóstregos a Dios dar.

- 22 Miér. ss. Paulino, Albano, Flavio e Niceas.

*Sol en Cáncer as duas da mañá*

#### VRAU

- 23 Juev. ss. Zenón, Fiz e Agripina.  
 24 Vier. O Sagrado Corazón de Xesús, A Natividade de S. Xohan Bautista e ss Xohan Treson ermidao (G), e Fausto  
 25 Sáb. O Purísimo Corazón de Maria, ss. Orosia, Guillermo, Próspera e Lucía.  
 26 Dom. ss. Paio de Tuy mártir, Hermoigio bispo (G), Xohan, Pablo e Virgínio.  
 27 Lun. Nosa Sra. do Perpétuo Socorro e S. Zelle.

*Nova as nove e dez da noite*

A lúa nova non move o tempo. O caloríño quer apretar, mais axiña a ventania trae borrascas lixeiras.

- 28 Mar. ss. León, Argimiro, Pablo e Benigno.  
 29 Miér. † San Pedro e San Pablo e ss. Marcelo e Siro.  
 30 Juev. A Conmemoración de Sant-Iago Apóstol e Santa Emilia.

#### Refrans

En San Xuán a sardiña molla o pan.  
 Auga de San Xuán tolle viño e non da pan.  
 Mayo pardo, San Xuán claro.

#### Dito de unha nai

Dixolle unha nai a un seu fillo que se achantaba na casa, pra non ir a guerra:

—Mira, meu fillo, vaite. Mais quero que morras de un tiro no frente que de vergonza na aldeia.

Papel de fumar BAMBÚ

# XULIO 31 DIAS

## MES DE SANT-IAGO

- 1 Vier. S. Faxildo abade de Antealtares (G), O Precioso Sangue de Noso. Sr. Xesucristo, ss. Casto, Martín, Leoner e Galo.
- 2 Sáb. A Visitación de Nosa. Sra. e S. Longines.
- 3 Dom. ss. Trifón, Xacinto, Heliodoro i-Eulogio.
- 4 Lun. ss. Laureano, Flaviano e Teodoro.

*Crecente as duas menos cuarto da tarde*

Ceo crare con ventos do N. Nas ribeiras abáfase co calor. Pol-os oitos tense un ventíño limpo, e aínda, veira dos ríos, síntese friaxe dabondo nas seráns.

- 5 Mar. ss. Miguel dos Santos, Zoa e Filomena.
- 6 Miér. ss. Dominica, Isaías, Lucía e Rómulo.
- 7 Juev. ss. Claudio, Fermín e Lourenzo de Brindis.
- 8 Vier. ss. Isabel, Agapito e Procepio.
- 9 Sáb. ss. Cirilo, Alexandro, Anatolia e Zenón.
- 10 Dom. Bto. Xohan Xacobo Fernandes mártir (G), e ss. Cristobø, Amalia, Segunda e Rufina.
- 11 Lun. ss. Dictinio bispo (G), Pio I, Abundio e Sabino.
- 12 Mar. ss. Xohan Gualberto, Félix e Marciana.

*Chas as tres e piques da tarde*

● Apretan o calor i-a sequia que fan arregañar os campos. Días calmos, sin vento. Despois un ventíño fresqueiro que fai como que quer torcer o tempo.

- 13 Miér. ss. Anacleto, Uxio, Xoel i-Esdras.
- 14 Juev. ss. Estebo abade (G.), Boaventura, Xenaro, Xusto e Marcelino.
- 15 Vier. ss. Enrique, Camilo e Antioco.
- 16 Sáb. Nosa Señora do Carmen e S. Fausto.
- 17 Dom. ss. Alexo, Marcelina, León, Xacinto e Xenerosa.
- 18 Lun. ss. Mariña de Augasantas Virxe e mártir (G), Sinfarosa, Emiliano e Federico. *Festa Nacional.*
- 19 Mar. ss. Vicente de Paúl, Arsenia e Xusta.
- 20 Miér. ss. Elías, Librada, Xerome, Emiliana e Severa.

20      Papel de fumar BAMBÚ

*Minyoante as doce e cuarto do día.*

- Santiaguíño anuncia o seu canadiño, que este ano non ven arrasado, anque os campos xa o agradecen ben.  
21 Juev. ss. Práxedes, Feliciano e Xusta.  
22 Vier. ss. María Madanela, Teófilo e Cirilo.  
23 Sáb. ss. Apolinar, Brígida, Bernardo e Liberio.

*Sol en Leo a unhn da tarde*

### CANÍCULA

- 24 Dom. ss. Cristina, Francisco Selano e Víctor.  
25 Lun. † O APÓSTOLO SANT-IAGO O MAIOR PADREIRO DA PATRIA.—ss. Cristóbal e Cucufate.  
26 Mar. ss. Ana nai de Nosa Señora e Tudela  
27 Miér. ss. Pantaleón, Xuliana e Semproniana.

*Nova perto das entre da mañá.*

● Ca lúa tempéranse un pouco os aías. Agora temos xa mañanciñas mais fresqueiras e no serán sopra un ventíño lixeiro que vai mellor pra sega.

- 28 Juev. ss. Víctor, Nazario, Celso i-Eladio.  
29 Vier. ss. Marta, Serafina, Beatriz, Fiz e Próspero.  
30 Sáb. ss. Abdón, Senén, Teodomiro e Carmona.  
31 Dom. ss. Ignacio de Loyola e Pablo.

### Cantigas de Santiago

Deica Santiago irei;  
de Santiago para arriba  
bagullas que eu botarei.

Santiago de Galicia  
espello de Portugal  
axudádeme a vencer  
n-esta batalla real.

Cara o San Bastián corramos  
á cima do Pico Sagro  
para ver raiar o sol  
nas torres de Santiago.

Papel de fumar BAMBÚ

# AGOSTO 31 DIAS

## MES DE SANTA MARÍA

- 1 Lun. ss. Pedro Advíncula, Fiz e Nemesio.—*Xubileo da Porciúncula.*
- 2 Mar. ss. Alfredo, Máximo e Nosa. Sra. dos Anxos.
- 3 Miér. A Invención de S. Estebo y S. Eufonio.

### *Crecente as duas da noite*

☾ Días escuros que chaman ó trebón. A chuvia que trouxo a treboada en moitos lugares non mellorou as colleitas.

- 4 Juev. ss. Domingo de Guzmán, Perpetua i-Eutelo
- 5 Vier. Nosa Sra. das Neves e S. Emigdio.
- 6 Sáb. A Transfiguración do Señor e ss. Xusto e Pastor.
- 7 Dom. ss. Cayetano, Alberto, Donato e Sicilla.
- 8 Lun. Bto. Roxerio de Meira (G), ss. Ciriaco, Emiliano e Marino.
- 9 Mar. Bta Urraca Sarmiento abadesa (G), ss. Román, Marciano e Cleto.
- 10 Miér. ss. Lourenzo ab. contra os incendios e Paula
- 11 Juev. ss. Tiburcio, Filomena e Susana.

### *Chea as seis da mañán*

☀ Días quentes e noites con friaxe. Aínda non temos brétemas, e Dios as aparte, que si veñen van amolincrar as leiras. Os ventos do nordés non revolven o tempo.

- 12 Vier. ss. Eusebio, Hilaria e Felicísima.
- 13 Sáb. ss. Casiano, Hipólita, Radegundis i-Elena.—*Vixilia da Asunción /Ayun e abstinencia.*
- 14 Dom. ss. Nuño Alvarez coengo, (G), Eusebio, Anastasia e Demetrio.
- 15 Lun. † *A Asunción. N.ª S.ª de Todo o Mundo. N.ª S.ª dos Ollos Grandes, P. de Lugo, S. Payo, bispo (G).*
- 16 Mar. ss. Roque, Xacinto e Xaquín pai de N.ª S.ª
- 17 Miér. ss. Paulo, Xuliana, Librada e Anastasio, e Santas Godina abadesa, i-Eufemia Virxe e mártir (G)
- 18 Juev. ss. Leonardo, Clara i-Elena.

22      Papel de fumar BAMBÚ



*Minogante as oito e media da tarde*

A treboada de Nosa Señora mollou o tempo e non fixo mal. Ventos mainos do S. con borrasças lixeiras que traen humedade.

19 Vier. ss. Mariano, Luis e Maxín.

20 Sáb. ss. Bernardo, Samuel e Severo.

21 Dom. ss. Fidel, Ciriaca e Francisca de Fremiot.

22 Lun. ss. Fabriciano e Timoteo

23 Mar. ss. Felipe, Benicio e Valeriano.

*Sol en Virgo as oito menos coarto da tarde*

24 Miér. ss. Bartolomé i-Aurea.

25 Juev. ss. Luis, Xenxo e Patricia.

*Nova as once e coarto da mañán*

A lúa nova entra mollada en moitos sitios, mais pouco duran as chuvias que virarán cos ventos do S.

26 Vier. ss. Ceferino, Segundo e Vítores.

27 Sáb. ss. Victorio bispo e mártir (G), Rufo e Xosé de Calasanz.

28 Dom. ss. Agustín, Bibiano, Paio e Moisés.

29 Lun. A Degollación de S. Xohan Bautista.

30 Mar. ss. Ero de Armenteira abade (G), Rosa de Lima, Celedonio i-Emeterio.

31 Miér. ss. Osorio Gutiérrez o Cende Santo de Lourenzana (G), Ramón Nonnato e N.<sup>a</sup> S.<sup>a</sup> do Bó Viaxe

**R e f r a n s**

En Agosto, está a i-auga tras do toxo.

Si o mes de Agosto ben claro, bon magosto e bon nabo; si nubrado, poucas castañas e nabos furados.

En Agosto secan os montes y-en Setembre as fontes.

## SEPTEMBRO 30 DIAS

### ADICADO A SAN MIGUEL

1 Juev. ss. Xil de Casaio abade (G) e Lupo.

*Crecente as cinco e vinte da serán*

2 Borrascas lixeiras. Algunhas brétemas, pouco espesas. Nubes baixas que esperece un solciño de vran.

3 Vier. ss. Antolín, Estebo e Máxima.

4 Sáb. ss. Columbiano, Ladislao e Serapia.

5 Dom. San Adrián eremita (G), Nosa S.<sup>a</sup> da Consolación e ss. Cándida e Rosa.

6 Lun. ss. Lourenzo, Xustinián, Rómulo e Obdulia.

7 Mar. ss. Eutelo, Uxio e Petrenio.

8 Miér. ss. Vicencio abade (G), Clodoaldo, Anastasio e Nosa S.<sup>a</sup> dos Reises.

9 Juev. A Natividade de Nosa Señora.

10 Vier. ss. María da Cabeza, Serxio e Gorgonio.

*Chea as oito e piques da noite*

11 Ceo despexado, tempo sereo. Os ventos do mar quixeran traerlle o seu canado ás castañas, mais o sol non os deixa mollar moito a terra.

12 Sáb. ss. Pedro de Mezonzo bispo, autor da Salve (G) Nicolás de Tolentino e Pulqueria.

13 Dom. Nosa Sra. das Viñas y ss. Proto e Xacinto.

14 Lun. O Santísimo Nome de María e S. Leucio

15 Mar. ss. Samuel bispo de Iria (G), Felipe, Eulogio e Maudillo.

16 Miér. A Exaltación da Sta. Cruz e S. Victor.

17 Juev. Os Dolores Gloriosos de Nosa Sra. e ss. Nicomedes, Valeriano e Porfirio.

18 Vier. ss. Cipriano i Eufemia

19 Sáb. As Chagas de S. Francisco e S. Pedro Arbués.

*Mingoante as tres e coarto da mañá*

20 Agora si que o vento mareiro re virou o tempo. Xa temos humidade dabendo i-algunhas chuvias onde menos falta facían.

21 Dom. ss. Tomás de Villanueva e Sofía.

22 Papel de fumar BAMBÚ

- 19 Lun. A Aparición da Virxen da Saleta.  
 20 Mar. ss. Eustaquio, Agapito e Cándida.  
 21 Miér. ss. Mateo, Isacio e Pánfilo.—*Temporas.*—I. B.  
 22 Juev. ss. Mauricio, Lorenzo e Xenás.  
 23 Vier. ss. Lino, Fausto e Tecla.—*Temporas.*—I. B.—  
*Abstinencia sin ayuno.*

*Nova as oito e media da noite*

Vai quedar bó tempo pra as vendimias. Van cedendo as chuvias i-os ventos do N. traen dias fresquiños e sereos.

*Sol en Libra as cinco da tarde*

### OUTONO

- 24 Sáb. Nosa S.<sup>a</sup> das Mercedes e ss. Xerardo e Dalmacio.—*Temporas.*—I. B.  
 25 Dom. ss. Lope e María de Cervellón.  
 26 Lun. ss. Amancio, Cipriano e Xustina.  
 27 Mar. ss. Cosme e Damián.  
 28 Miér. ss. Wenceslao e Máximo.  
 29 Juev. San Miguel Arcánxel.  
 30 Vier. ss. Gregorie, Xerome e Sofia.

### Refrans

En Setembre, come e vende; pero non sexa tanto o comer, que non deixes que vender.  
 San Mateu, vindima tí, vindimarei eu.  
 San Miguel das uvas maduras, tarde vés e pouco duras.

### Problemas

Unha media medio feita  
 i-outra media por faguer  
 ¿cántas medias poden ser?

Catro pans, catro cans,  
 un pan e medio e medio pan  
 ¿a cómo toca cada can?

Papel de fumar BAMBÚ

## OUTONO 31 DIAS

### ADICADO AO SANTO ANXEL

- 1 **Sáb** O Sto. Anxel Custodio, ss. Remixio e Gervasio.

*Crecente as doce menos coarto da mañán*

Orballos fresquiños. Algunhas brétemas Frio seco na montana. Poucas chuvias no val e na ribeira.

- 2 **Dom.** Os Anxos da Guarda, Saturio i-Eutelo.

- 3 **Lun** Bto Vela eremita (G), ss. Dionisio, Fausto, Cándido e Xerardo

- 4 **Mar.** ss. Francisco de Asís, Cayo e Aurea.

- 5 **Miér** ss. Froilán bispo patrón de Lugo (G), e Plácido.

- 6 **Juev.** ss. Sabina, Primo, Feliciano e Bruno.

- 7 **Vier.** N. sa Sra. do Rosario e ss. Serxio e Marco

- 8 **Sáb.** ss. Demetrio, Paio e Nestor.

- 9 **Dom.** Nosa Sra. da Cinta e S. Dionisio.

*Chea as nove e media da mañán.*

Tempo amorosiño de outono. Días sereos, que seme-llan do vran; noites frias, que van chamando ao inverno.

- 10 **Lun.** ss. Francisco de Borja, Florencio e Paulino.

- 11 **Mar.** ss. Nicasio, Xermán e Fermin.

- 12 **Miér.** Nosa Sra. do Pilar e do Remedio — *Festa ofi- cial da Raza.*

- 13 **Juev.** ss. Pedro bispo (G), Eduardo, Marcial e Ve- nancio.

- 14 **Vier.** ss. Calixto, Evaristo e Bernardo.

- 15 **Sáb.** ss. Teresa de Xesús e Bernardo.

- 16 **Dom.** ss. Florentino e Ambrosio.

*Migoante as nove e vinte da mañán*

Tempo revolto de treboadas e chuvias. Compre apro-veitar os días que nos quedan de boanza.

- 17 **Lun.** ss. Eduvigis, Mariano, Mamerto e Victor.

- 18 **Mar.** ss. Lucas, Xulián e Trifona.

- 19 **Miér.** ss. Pedro de Alcántara e Rosina.

- 20 **Juev.** ss. Caprasio, Xohan Cancio e Irene.

- 21 **Vier.** ss. Hilarión, Asterio e Arturo.

- 22 **Sáb.** ss. Maria Salomé e Córdula.

- 23 **Dom.** ss. Servando, Pedro Pascual e Xermán.

- 26 **Papel de fumar BAMBÚ**

*Nova as nove menos coarto da mañá.*

● Ceo cuberto. Vai medrando a humedade. Orballos mainos. Chovisca de outono. As neves parés que se retrasan moito.

24 Lun. ss. Gonzalo bispo de Mondoñedo (G), Rafael Arcánxo, Fortunato e Martiño.

*Sol en Eseorpio as duas da mañá*

25 Mar. ss. Frutos, Cris-anto e Daría.

27 Miér. ss. Evaristo, Luciano, Florencia e Marciano.

26 Juev. ss. Vicente, Sabina, Cristeja e Catalina.

28 Vier. ss. Simeón e Xudas Tadeo.

29 Sáb. ss. Narciso, Xerona i Eusebia.

*Festividade dos caídos*

30 Dom. *Festividade de Cristo Rey.*—ss. Cenobia, Claudio e Amparo.

31 Lun. ss. Urbano e Quintín.

*Crecente as oito menos coarto da mañán*

Treboadas longas e rexas que dispoñen as enchentes de San Simón. O outono non trai por eso moita humedá i-agradécense os tronos que veñen a quebrar as fontes.

## Refrans

Hastra San Martiño, pan e viño; de San Martiño adiante, frío e fame.

San Martiño, trompos ao camiño.

Día de San Martiño proba o teu viño.

## De bon humor

Un cobrador do fielado, lle pregunta a dous señores que entraban na vila:

—¿Levan algo de pago?

—Dous litros de viño.

—¿Onde están?

—Na barriga.

—Esperen que vou mirar a tarifa: «Viño en barril corenta réas; en pelexo, libre». E dirixíndose a eles lles dí:

—Poden pasar que non pagan nada.

## NOVIEMBRE 30 DIAS

### MES DE SAN MARTIÑO

- 1 Mar. † A Festa de Todos-os Santos.—ss. Benigno, Cesáreo y Maria.
- 2 Miér. A Commemoración dos difuntos e S. Xusto.
- 3 Juev. ss. Valentín, Hilario, Malaquías e Teófilo.
- 4 Vier. ss. Carlos Borromeo e Domingo.
- 5 Sáb. ss. Zacarías, Eusebio, Fiz e Isabel.
- 6 Dom. ss. Leonardo, Severo e Vinoco.
- 7 Lun. ss. Herculano, Amaranto, Ernesto e Florencio.

*Coris total de Lúa visibre en España*

*Chea as dez e vinte da noite*

☉ Bos días que non duran moito. Logo medran as nubes e xa nos decatamos de que imos pra un inverno de chuvias longas.

- 8 Mar. S. Alvito bispo (G), O Patrocinio de Nosa Sra. e ss. Severiano, Severo, Victorino e Godofredo.
- 9 Miér. Nosa Sra. da Almudena.
- 10 Juev. ss. Aniano, Demetrio e Andrés.  
Vier. ss. Martiño, Bartolomé e Toribio.
- 12 Sáb. ss. Millán, Diego de Alcalá e Paterno.
- 13 Dom. ss. Estanislao, Uxío III, Homobono e Rufo.
- 14 Lun. Sta. Trahamunda de Poio abogosa dos emigrantes (G) e ss. Serapio, Lourenzo e Veneranda.

*Mingoante as catro e vinte da tarde.*

☁ Ventos revoltos, chuvias pasaxeiras pero teimosas, neve na montana e borrascas no mar.

- 15 Mar. ss. Uxío I, Leopoldo e Leoncio.
- 16 Miér. ss. Rufino Marcos, Valero i-Edmundo.
- 17 Juev. ss. Acisclo e Victoria.
- 18 Vier. ss. Román, Máximo, Odón e Pedro.
- 19 Sáb. ss. Isabel, Ponciano e Crispín.
- 20 Dom. ss. Félix de Valois, Simplicio e Agapito.
- 21 Lun. ss. Estebo, Honorio e Rufo.

*Coris parcial de Sol invisibre en España*

- 22 Mar. Bto. X han de Pontevedra, (G), ss. Columbiano e Mario.

28      Papel de fumar B A M B U

*Sol en Sagitario as doce da noite.*

*Nova a medianoite.*

☉ No mar amainan as borrascas, na terra siguen as chuvas e veñen as brétemas espesas. Ventos froxos.

23 Miér. ss. Clemente, Felicitas e Lucrecia

24 Juev ss. Gonzalo bispo de Mondoñedo (G), Juan de la Cruz, Crisógono e Flora.

25 Vier ss. Catalina, Moisés e Gonzalo.

26 Sáb. Os Santos Mártires de Córdoba.—*Péchanse as velacións.*—I. B.

27 Dom. *1 de Advento* --ss. Virxilio, Facundo e Primitivo.

28 Lun. ss. Gregorio III, Estebo e Valeriano.

29 Mar. ss. Iluminada e Saturnino.

30 Miér. ss. Andrés, Constancia e Xustina.

*Crecente as catro da mañán.*

☾ Auga. As nubes casáronse ca montana e non queren deixar coallar a neve. As veces ven unha raxeiriña do sol, que pouco dura. De remate un vento N. fai despegar algo o ceo.

### A Virxen do Rosario

As doas do Rosario son todas frores  
nadas antre as espiñas dos nosos dores.  
Deixainos, Virxen Santa, nas mágoas nosas  
bicar esa diviña croa de rosas.

*Lago González.*

### Cantigas

A ese que che fai as veiras,  
nena non lle deas creto  
eche como o cucorrei  
ven axiña e vaise cedo.

Fun ao enxido da ventura  
buscando a felicidadá,  
quixen coller unha rosa...  
esfollóuseme nas mans.

*V. Taibo.*

Papel de fumar BAMBÚ

29

## DECEMBRO 31 DIAS

### MES DE NADAL

- 1 Juev. ss. Eloy, Natalia e Cándida.
- 2 Vier. ss. Bibiana, Elisa e Aureliana.
- 3 Sáb. ss. Francisco Xavier e Claudio.
- 4 Dom. *II de Advento.*—ss. Osmundo, Cleto e Bárbara.—I. B.
- 5 Lun. ss. Sabas, Agripina e Dalmacio.
- 6 Mar. ss. Fernando abade de Antealtares (G), Nicolás de Bari i Emiliano.
- 7 Miér. ss. Ambrosio, Policarpo e Urbán.

*Chega as dez e coarto da mañán.*

Neve maina nas terras outas. Uns días amerosiños, que somellan de inverno nas terras esporentes do val. Chuvias lixeiras e nubes altas. Nas mañáns siguen as brétemas.

- 8 Juev. † *A Purísima Concepción de Nosa Señora.*— Santos Macario i Esther.
- 9 Vier. ss. Restituto, Cipriano e Lecaia.
- 10 Sáb. S. Florencio abade (G), Nosa Sra. de Loreto e ss. Eulalia i-Hermóxenes.
- 11 Dom. *III de Advento.*—ss. Dámaso Papa (G), Sabino e Daniel.
- 12 Lun. Nosa Sra. de Guadalupe e San Constancio.—I. B.
- 13 Mar. ss. Uxío, Orestes e Lucía.
- 14 Miér. ss. Nicasio, Xusto, Pompeyo i-Espiridión.—*Témporas.*—I. B.

*Mingoante a unha e coarto da noite.*

Chuvia longa, ventos do S. e nubes baixas. En xeneral bó tempo de inverno.

- 15 Juev. ss. Eusebio, Valeriano, Máximo e Fortunato.
- 16 Vier. ss. Valentín e Delaira.—*Témporas.*—I. B.—*Abs-tinencia sin ayuno.*
- 17 Sáb. ss. Francisco de Sena, Lázaro e Olimpia.—*Tém-poras.*—I. B.—*Ayuno e abstinencia.*
- 18 Dom. *IV de Advento.*—Nosa Señora da O.
- 19 Lun. ss. Nemesio e Timoteo.—I. B.



- 20 Mar. ss. Teófilo, Xulio e Domingo de Silos.  
 21 Miér. ss. Ilduara nai de S. Rosendo, Adosinda abadesa (G), Tomás e Anastasio.

*Nova as seis da serán.*

● Chuvias lixeiras e ventos mainos. Logo trócase o tempo e temos ceo craro algús días. Sigue a neve, non moi espesa, na serra.

- 22 Juev. ss. Demetrio, Zenón i-Elena

*Sol en Capri ornio as doce e dez da mañá*

### INVERNO

- 23 Vier. ss. Victoria, Nicolás, Sérvulo e Vintila eremita.  
 24 Sáb. *Noiteboa* - ss. Gregorio, Eutimio e Luciano. I. B  
 25 Dom. † 4 *Natividade de Noso Señor Xesucristo.*-I. P  
 26 Lun. ss. Estebo e Marino.—*Abrense as velacións.*  
 27 Mar. ss. Xohan Apóstol, Nicereta e Teodoro.  
 28 Miér.-Os Santos Inocentes  
 29 Juev. Bto Vidal abade (G), ss. David e Tomás Cantuariense.

*Crecente as once menos coarto da noite.*

● Trebón nò mar. Turboadas fortes na terra. Pares que o tempo inda revirará de novo e que entraremos no ano novo con ceo craro.

- 30 Vier. A Traslación de Sant Iago e S. Sabino.

- 31 Sáb. ss. Franquila abade de Rivas do Sil (G), Sil vestre, Columbio e Pauliña.

### Pregaria

Virxe María, cándida nena,  
 dos teus filliños doce naiciña,  
 de mágoas cheo, de dores fondos  
 hoxe a tí chego, prenda querida.

Orfo non deixes a quen acode  
 tral-o agarimo da tua almiña.  
 ¡Malpocadiño! ¡Qué de min fora  
 si tí me deixas, Virxe María!

*Bàrcia Caballero.*

Papel de fumar B A M B Ú

31

*Láncara*.—O 24; 16 Cedrón; 2 e 17 Puebla; 11 R o (Es-farrapa).

*Lorenzana*.—O 9, 19 e 28 e mercados os domingos.

*Lugo*.—O 4, 5 e 6 d' Outono (anual), primeiro e penúltimo viernes, e 12 e mercados os martes, viernes e domingos; penúltimo día de cada mes Nadela.

*Meira*.—O segundo e coarto domingo.

*Mondoñedo*.—O 17, 18 e 19 do Outono (anual); primeiro e terceiro xoves de cada mes, e mercado os xoves; Quendas o 2 de Mayo (anual).

*Monterroso*.—O 1.º y o 15 e mercados os miércoles.

*Monforte*.—O 6 e 24, mercado os miércoles; 5 Fiolleda.

*Muras*.—O primeiro sábado; primeiro e segundo domingo Viveiró; terceiro domingo Balsa.

*Neira de Jusá*.—1.º e 18 Baralla; 7 Sobrado.

*Navia de Suarna*.—Segundo domingo e derradeiro viernes 13 de Febreiro e 29 de Setembro (anuales) Puebla; terceiro domingo Silvouta; cuarto domingo Paradela; primeiro domingo Rao.

*Negueira de Muñiz*.—O segundo domingo.

*Os Negales*.—O segundo domingo Doncos.

*Orol*.—O primeiro domingo Miñotes.

*Palas de Rey*.—O 7 y o 19 e mercado os sábados.

*Pantón*.—O 1.º e 15 Ferreira; 18 Santa Mariña.

*Páramo*.—O 10.

*Pasteriza*.—Cada quince días en domingo alterne Bretoña; o segundo e cuarto sábado Reigosa.

*Picrafita*.—O 5 e 21 y o 8 de Setembro (anual).

*Pol*.—O 1.º e 15 Riejuan; 7 e 21 Mesteiro.

*Puebla de Brollón*.—11 e 25; 29 Xunio (anual); 2 Estación.

*Portomarin*.—Mercado os domingos.

*Quiroga*.—O 10 e 27.

*Rábade*.—O 2 e o 22 e mercado os xueves.

*Ribadeo*.—Todos os miércoles e o 7 de Setembro.

*Riotorto*.—Mercado os sábados; 14 e 26 de cada dous meses Mexueira.

*Riás de Sil*.—O 10.

*Samos*.—O 15; 17 Ponte do Lózar; 4 Castroncán.

*Sarria*.—O 6 e o 20, San Lázaro (anual) e mercados os domingos.

*Saviñao*.—O 8 Escairón; 26 Currelos.

*Sober*. O 18 e 28.

*Taboada*.—O 20 e mercados os sábados.

*Trabada*.—O primeiro domingo; 25 de Abril Cadeira (anual); 30 de Mayo San Fernando (anual).

*Trasparga*.—O 28 e o domingo entre o 9 e o 15 Parga 23 Santa Cruz de Parga; 7 Villares; o último domingo Guitiriz e mercado os miércoles.

*Triacastela*.—O 12 e 28.

*Valle d' Ouro*.—O miércoles seguinte ao terceiro domingo e mercado os sábados.

*Villameá*.—Cada quince días e mercado os domingos.

*Villaodrid*.—O 25 Villaeimil.

*Viveiro*.—O primeiro e terceiro domingo e mercado os xueves, sábados e domingos; o segundo domingo Galdo; lunes de Pascua, Cobas (anual).

*Villalba*.—O primeiro domingo e martes seguintes a o terceiro e mercados os martes e sábados; último domingo Arbol e mercados os viernes.

### Feiras anuais de Galicia

*Xaneiro*: 7, Portes; 8, Navallos.—*Febreiro*: 3, Portomarín.—*Marzo*: Domingo de Lázaro, Sarria.—*Abril*: 6, Noya; lunes de Cuasimodo, Tuy; lunes de Pascua, Cobas en Viveiro.—*Mayo*: Día da Ascensión, Santiago; 30, Balboa, Ribadeo. *Xunio*: Pascua de Pentecostés, Padrón; 1, Ourense; 29, Somiedo, e Brollón en Quiroga.—*Xulio*: 2, Coruña; 25, Santiago.—1 y 15 de cada mes en Pontevedra.—24, San Bartolomé en Penas Agudas, Viveiro.—*Septiembre*: 8, Fonsagrada, 3 días; terceiro domingo Becerreá; 8, Pedrafita d' o Cebreiro.—*Octubre*: 5, Lugo 3 días; 14, Villalba; 18, Mondoñedo, 3 días; 20, Lindín; terceiro domingo, Becerreá.—*Noviembre*, 1, Monterroso.—*Diciembre*: Día da Purísima, Alvare, de onde é patrona, feira 12 días e mercado os xoves.

